

EDITORIAL

¡Ola a todas e a todos! Fiel á súa cita con vós chega máis ou menos puntual *O Besbello Saltón*.

Os besbellos que participamos nesta revista queremos contarvos as cousas que nos preocuparon ao longo do curso e tamén as que nos alegraron a vida.

Aquí atoparedes un pouco de todo: as nosas actividades, entrevistas, creación e mesmo xogos; tamén podedes ver algunhas das barbaridades bárbaras que escribimos nos exames. En definitiva, é unha revista nosa.

Queremos animarvos desde aquí a que participedes nesta tarefa que quere ser de todos.

Finalmente non queremos deixar de recordar a Rosa Villamarín, compañeira, profesora e bibliotecaria que este ano nos deixou.

Consello de redacción: Luz Cao, Elsa Lamas,

Teresa Cámara, Marisa Andrade, Carme Rodríguez

Portada: Zaira Barcia

Contraportada: Martín Barcia

Ilustracións: Keltoi Conde, Zaira Barcia, Silvia García

Redactores: Adrián Vazquez, Isabel López, Eva Oliveira

Marta Covelo, Marta Blas e moitos besbellos máis.

DOS ANOS 50 Á ACTUALIDADE

¡Qué sorpresa se levaron hai tan só cinco décadas! Ninguén esperaba que, aís, sen máis, á "chita calando", coma quen non fai nada pero fai, un grupo de galegos de ben se preocupase por aclarar cando mexan e cando chove. ¡E vaia se o conseguiron! E sen facer máis que estar aí, pedindo o seu, o seu idioma, a súa liberdade e o recoñecemento da súa casa como tal (Galaxia, democracia, Estatuto).

Anos máis tarde, foron os estudantes, alá polo 68, un florido mes de maio, os que se preocuparon por saber quen eran aqueles que podían ser os seus pais e pedían por todos, adoptando aos galegos coma fillos. E reivindicaron, polo mesmo que vinte anos antes reclamaban os seus "pais" Pedrayo, Cunqueiro,... ¡Hai que ver como son as dictaduras! E falaron en galego, e pediron en galego, e reclamaban en galego recoñecemento, liberdade e idioma.

¿E agora?, ¿agora qué? Pois moi sinxelo, dende os setenta ata o dous mil volvemos confundir o mexo coa choiva, e pensaban que estabamos de novo dubidando de subir ou baixar; pero o ano pasado despertamos do noso sono fogar de ¿Pondal? Bah... o caso é que están de novo, coma se o conto se repetise ou a pescada non se deixase de morder a cola, Cunqueiro, Bóveda, Fole etc. Empurrándonos, porque cambiaron as necesidades, e agora temos lingua propia, e Estatuto, pero ¿temos liberdade? ¿temos praias? ¿temos calidade no ensino?

Sinceramente, dende o ano pasado a nós a choiva chéiranos a amoníaco, e temos claro que subimos, sempre subimos.

Adrián Vázquez Barbón

¿ U-lo poder?

O poder é o dominio, facultade ou xurisdición que un ten para mandar sobre algo. Este maniféstase na meirande parte das actividades da sociedade pero tal vez a máis representativa sexa o poder político, por ser, a primeiras, o máis visible.

O autoritarismo é un xeito ilexítimo de exercer o poder sobre a sociedade reprimíndoa, restrinxíndolle os seus dereitos e aplicando a violencia sempre que o dictador o vexa preciso. É unha forma de goberno ilexítima xa que o dictador non ten que render contas nin pode perder o poder nunhas eleccións.

A democracia é outra forma de poder lexítimo que está baseado na liberdade da sociedade e o respecto aos dereitos civís. ¿Pero é isto certo?. A maior parte dos estados democráticos caracterízanse por utilizar o seu poder dunha forma moi sutil. Crean as leis que máis benefician aos poderosos (sen a sociedade ser consultada), enxordecen ante os berros de protesta do pobo e seguen a torturar nos cárceres a quen máis lles convén. Todo isto é posible porque contan cunha arma poderosísima na que sustentarse: **os medios de comunicación**. Os gobernantes só deben encargarse de manipular toda a información que poida resultar prexudicial, filtrándoa cunha serie de eufemismos e eliminando todo aquilo que poida danar o seu partido. Así é difícil atopar unha canle pública de televisión, radio ou xornal que poña todas as cartas enriba da mesa sen ocultar aquelas que máis interesan.

Tamén existe o poder relixioso que non é quen de asimilar a súa perda de forza nos últimos anos, pero que aínda continúa exercendo o seu poder en estados "democráticos" nos que aínda non se produciu a separación igrexa-estado. Vémonos así, obrigados a soportar a súa doutrina acugulada dunha moral hipócrita, cínica e represiva que carece de todos os valores que tanto predicán os representantes de Cristo.

Pero existen ademais do poder político e relixioso outros poderes que se manifestan noutros organismos de menor tamaño como por exemplo no interior da familia. A familia é un órgano no que queda perfectamente plasmado o poder. A mellor maneira para que a familia funcione ben, baséase na repartición igualitaria do poder entre a parella e que esta saiba exercer ese poder na súa certa medida sobre os fillos. No momento en que a balanza se desequilibra, a

harmonía familiar rompe, aparecendo, como se dun goberno se tratase, un estado totalitario. Isto fomenta o maltrato físico e psicolóxico e é a base dunha educación inmoral para os nenos, que teñen como primeiro organismo educativo a súa propia familia.

Todo isto vén demostrar que o poder non é tan só un bastón de mando, cetro ou báculo pastoral que pode ter calquera persoa nas súas mans, xa que fan falta unha grande cantidade de valores éticos e morais para non deixarse corromper polo poder. Por iso a frase de Bakunin "Se hai un demo na historia é o principio de poder" ten tanta vixencia e define o mal que se pode chegar a exercer.

Silvia Martínez Alonso 2º Bach. C

Polo mesmo camino de sempre.

Eu lía aquel libro asombrándome a cada palabra que lía. Nunca me fixara neses detalles que, sen embargo, ao volver a vista atrás podía lembrar.

O libro titulábase *"O diario violeta de Cariota"* e falaba sobre o machismo. Nel aparecían escenas da vida cotia que son machistas e que pasan, moitas veces, inadvertidas, por exemplo: ¿Por que en moitos programas hai azafatas lixeiras de roupa e presentadores ben vestidos e cultos? ¿Por que non ao revés? Estou segura de que nos parecería estraño ver a un home seminu e a unha presentadora ben vestida e culta, ¿por que? Porque estamos acostumados a iso, e non pensamos que sexa machista. Outro exemplo: ¿Por que cando se contraía a unha muller, esta é xulgada, tantas veces, polo seu físico? ¿Por que algunhas mulleres cobran menos que os homes desempeñando os mesmos traballos? E, indo máis lonxe ¿a que se debe que as mulleres, dalgúns países teñan que ser sometidas

ao extirpado do clítoris? Só porque os homes pensan que lles pode facer dano ao manter relacións sexuais ou para que elas non disfruten.

Non fagades caso aos que din que os homes e mulleres están en igualdade, porque o certo é que a estas alturas do século XXI imos polo mesmo camino de sempre.

Marta Blas Alonso. 1º ESO D

12 M

Non podía ser doutro xeito. Despois do 11 M tiña que haber algo como foi o 12 M. Despois dunha barbarie cometida por "seres humanos" tiña que aflorar a outra cara dos verdadeiros seres humanos. O noso instituto non podía reaccionar doutra maneira. A foto das bancadas mostra a concentración silenciosa á que asistiu o instituto en pleno. Na outra foto podemos ver ao membro do Consello Escolar David Martínez lendo o comunicado elaborado polo alumnado.

¿QUE É PARA MIN A LECTURA?

¿Que dicir acerca disto? Teño que recoñecer que a lectura aporta cultura e sabedoría pero persoalmente é algo que non me gusta. A razón é que eu teño mellor memoria gráfica ou visual e as cousas se me quedan mellor metidas na cabeza mediante cine, pintura, debuxos... Por outro lado, se teño que ler, nunca lería unha novela bélica nin histórica, lería unha de humor ou de aventuras; tómomeme a lectura como algo relaxante e no que non teña que pensar moito. Os meus libros preferidos son os que conteñen pentagramas con melodías pero está claro que é un mundo aparte da lectura. Tamén dicir que teño afección por algunha revista e, aínda que non me gusta facer propaganda, recoñezo que a "Quo" e a "Muy interesante" son curiosas, é dicir que me gustan as revistas de ciencias.

Respecto ás linguas nas que leo, gústame o galego e o inglés aínda que este último resúltame un pouco difícil. Outra lingua na que tamén me gustaría ler é o alemán pero eso xa son palabras maiores. Teño escoitado que é unha lingua moi poética.

Eu no campo da lectura teño que dicir que son coma un fumador. O fumador sabe que fumar fai dano pero non o deixa, pois eu sei que ler me sería bo pero apenas o fago. Outra pregunta que me fago é ¿poesía ou prosa? Creo que as dúas son interesantes e a poesía ten xogos de palabras importantes pero quédome coa prosa. A min o que me gusta é absorber datos e datos da lectura.

Creo que esta reflexión acerca do que eu fago no campo da lectura non é de todo correcta, xa que debería ler máis, pero como isto é a miña reflexión persoal, eu límitome a dar a miña opinión acerca da lectura.

JORGE FERNÁNDEZ

Cando nacemos o primeiro que nos ensinan é a falar, pero co transcurso do tempo e chegada unhas certa idade, comenzamos tamén a leer e a escribir.

Eu teño unha irmá de cinco anos e por sorte podo ver como é ese comenzo. Pouco a pouco memorizan os vocais, máis tarde as consonantes e antes de que te decates xa saben que a "m" cá "a" di ma.

Unha vez superado este paso tan grande chega o momento de agarrar un libro e intentar descifrar ó que dí por primeira vez. É realmente emocionante e iso nótase nos nenos. Esa inquietude por saber todo, ese querer e non poder que pode cegar a convertirse nun sen vivir nalgúns casos.

Recordo que este verán a miña irmá, que aínda non sabía leer, sempre que ó facía, era a súa maneira, inventándose os contos, relacionando as imaxes co que lle leran e relataba a Caperuchiña Vermella á súa maneira.

Agora que xa vai aprendendo, nunca lle falta un libro nas súas mans.

A educación dun neno vese influída polos pais e pola forma de vida que haxa no seu entorno o nos seus fogares.

Se un neno ten uns pais que carecen de libros de texto, dicionarios, enciclopedias... ou que nunca lle mercan contos, aínda que só sexan para pintar, non podemos pretender que de mayor sintan aprecio cara eles.

Moitos pais quéixanse de que os seus fillos non len, escriben mal, teñen moitas faltas e suspenden; pero eu penso que antes de nada deberían reflexionar e ver se o rapaz pode tomar un bo exemplo deles xa que polas noites dedican un tempo á lectura en vez de estar pegado á caixa tonta agardando a ver se cae algo de cultura.

Penso que é moi educativo para os nenos que de pequenos poidan disfutar, leer, xogar cun libro e no viciándose coa Play Station.

Leer non significa ter que tragarse un libro de máis de mil páxinas e aburrirse, soamente para quedar ben diante dos amigos. E tanto bo leer un cómic coma unha novela de Shakespeare.

Cada persoa ten gustos diferentes, a uns lles gusta o fútbol e a outros o baloncesto, pero iso non significa que sexa mellor ou peor. Para iso a nosa

literatura, que é moi variada tanto en estilo coma en autores, permítenos escoller o tipo de libro que prefiramos.

Por exemplo, a min personalmente gústame moito as novelas realistas coma "Las cenizas de Angela", aínda que non me podo resistir ás de terror ou misterio. Sen embargo sería incapaz de ler algo sobre ciencia ficción xa que non me chama para nada a tención.

A cada idade correspóndelle un tipo de lectura diferente e todo eso xa está moi ben estudiado.

Un gran paso que deberíamos destacar na vida dun lector é o de pasar a leer libros con debuxos a libros sen eles.

Os nenos soen pensar que sen debuxos un conto pode ser tan divertido pero isto é completamente incorrecto xa que sen ilustracións podes crear ti os personaxes, os lugares, etc... ó teu antollo e de forma que máis bonito deixar libre a túa imaxinación.

Podería seguir dicindo moitas máis cousas boas sobre os libros, sen embargo non se me ocorre ninguna ala. ¿Por qué será?

Un dos meus hobbies é leer, e dende moi nova o fago xa non só porque aprenda náis cousas ou porque deste modo evite fallar á hora de escribir ou leer e poida enriquecer o meu vocabulario, se non porque en realidade gústame e animo a toda-las persoas que non á fan a que comenzen xa, que gracias a estes amogos de papel pódete adrentar en mundos totalmente descoñecidos e pasar un rato moi agradable e divertido.

Virginia 1ºBach. B

UNHA DE SOÑOS

Seica din que as máis grandes viaxes comezaron cun pequeno paso e eu, asegúrovos, que as máis fermosas historias de amor, as máis sanguentas abordaxes piratas, e os misterios máis terroríficos agochanse tralas tapas dun libro...

E noite tras noite, deberíamos agradecer a eses maxíns privilexiados que fan que odiemos o marcapáxinas, os seus traballos que non obedecen nin o reloxo nin o tempo, e deixar que condicionen as aventuras dos nosos soños, as que nos poñen de regreso a Ítaca, as que nos mergullen na procura de tesouros, as que nos recordan que Dinamarca non cheira especialmente ben e que un esperpento é mais ca un concursante de "Gran Hermano".

Eu non creo que a culpa sexa das novas tecnoloxías, nin do telelixo, nin de Sardá, a culpa é nosa, que somos igualiños ca un rabaño e deixamos que nos gobernen sen atender a razóns...que podemos coller un libro e xogar coa videoconsola; si, iso é, a culpa é nosa, que non logramos comprender que as virtudes escapan dos excesos.

A. V. BARBÓN

Para min, a lectura non é máis ca unha forma de pasar o rato coma poden selo o deporte ou a música. Normalmente cando somos pequenos non hai maneira de que collamos un libro. Boa proba delo é que cando un rapaz celebra o seu aniversario o mellor agasallo sempre será un xoguete. Pero se recibe coma agasallo un libro ou un xersei probablemente os deixe a un lado. Pero todo cambia nesta vida e é increíble a maneira en que cambiamos as persoas.

A medida que medramos afacémonos á lectura gracias á escola e ós nosos pais que cos seus agasallos encarganse de que non nos falte nada. A medida que nos afacemos á lectura nos decatamos de que hai libros, xéneros e autores que nos gustan ou que non podemos soportar. Este é o comezo do noso hábito literario, xa que a partir de agora somos nós quen empezamos a seleccionar o que nos gusta ou o que non.

Da mesma maneira que non vestimos igual que cando tíñamos oito anos, non lemos as mesmas cousas que cando éramos máis pequenos. Empezamos a interesarnos por novas cousas: a historia, o surrealismo, a comedia, etc. E a medida que traballamos o noso hábito literario atopamos obras que nos gustan cada vez máis, isto fai que sigamos cultivando ese hábito que comezou xa vai moito tempo.

Todo o saber recolleuse nos libros que ninguén esquecese o traballo dos nosos antepasados. Hai que dicir que as cousas están ben gardadas nos libros pero o que nós temos que facer é decidir que facemos con esas recopilacións de saber: se as empregamos coma ferramenta de aprendizaxe e de ocio ou se as deixamos de adorno. É peor lector o home que ten mil libros e so liu trece que o que ten o seu canret da biblioteca.

Con todo isto so quero dicir que as persoas cambiamos e aínda que ó principio non nos guste, seguro que despois si. O hábito literario non é unha cousa xorda así porque si, é algo que xorde de nós: dos nosos gustos, da nosa personalidade... Todos, sen ningunha excepción, temos a oportunidade de ler, así que non a desaproveitemos.

Rodrigo Fernández Fueyo. 1º Bacharelato B

VERDADEIRA LOITA CONTRA O TOP MANTA?

A música sempre foi un método de relaxación, divertimento e incluso chégase a utilizar ñas terapias antiestress e como tratamento para outras enfermidades. Realmente é un ben moi prezado por maiores e nenos, pero que non está ao alcance de todos os petos permitirse o luxo de ter unha boa colección de discos.

A sociedade quéixase e ao final o método máis rápido e económico é baixalo de Internet ou cómpralo a dous euros no top manta. A industria discográfica vaise a pique pouco a pouco e cada vez é máis difícil competir con tal competencia. A solución que agora planean é reducir a Ive ata un catro por cento do valor total do produto e multar duramente á xente que vende ilegalmente os discos piratas, pero aos que se arrestan son aos pobres homes que traballan explotados por unha "paga" miserable.

Se de verdade queren que a mocidade compre na tenda que os discos non custen dezasete con noventa e conco euros, senón cinco como moito. Ao mellor pensan que coa miseria que nos dan de paga chéganos para mercar o disco dése cantante que nos gusta. Deste xeito perderán moito difleiro durante uns anos, pero aos seguintes xa estará practicamente erradicada a venda ilegal de discos e, se non o fan, a xente preferirá comprar cada vez máis ñas mantas e entón si que vai desaparecer a música. E en nome dos amantes desta arte, ¡Por favor rematar xa con esta guerra de prezos

Juan Carballo Tubío. 1º A ESO

A DEPORTIVIDADE NAS COMPETICIÓNS

Todo o mundo que practica un deporte emociónase cando vai xogar un partido, pero ... ¿é necesario perder a compostura?

O deporte é sen dubidalo, un grande exercicio físico. Case todo o mundo que o practica xoga contra adversarios en busca dun só obxectivo: ¡GAÑAR! Moitas veces este obxectivo convértese en verdadeiras rifas entre xogadores e, entre os afeccionados dun equipo ou do outro, e é aquí onde se amosa a educación e a deportividade.

Aínda hoxe recordo un enfrontamento que houbo nun partido de baloncesto, ie iso que era amigable! Quedaban trinta segundos e un dos equipos perdía por un punto. O arbitro asubiu unha falta a favor do equipo que ganaba e un afeccionado saltou ao campo con malas intencións, pero sorte que pasaban por alí os de seguridade para dételo.

Pensó que os adultos, sobre todo, teñen que servir de modelo para formar á xuventude e, se nos mostran esa mala educación e ese rancor, irnos ser iguais a eles e seríamos una xuventude algo "salvaxe".

A verdade é que moitas veces os adultos teñen menos intelixencia que os propios xogadores, que son rapaces. As veces insultan aos contrincantes e so somos nenos, unha pequena esperanza: "chegar a onde se poida demostrando o que valem para o deporte practicado. E ... fóra da competición somos amigos sen problema ningún.

Os afeccionados nunca ven ao árbitro obxectivo, pensan que non son imparciais e non estaría mal que de cando en vez intentásemos poñernos no lugar deles: ¿nós miraríamos todo e faríamos todo ben? Posiblemente, non, porque ninguén é perfecto.

O que quero dicir neste artigo é que o deporte é considerado "un xogo de nenos" e ... ante todo ter educación e respecto e sempre un sorriso na cara: pérdase ou gañese.

Marta Couso Jácome 1ºA ESO

SIMPLEMENTE

NOSO

Moitos anos de dura represión, décadas de asoballamento, de escravitude, de silencio... Foi nestes tempos cando aprendemos a nos defender, a dignificar unha cultura ameazada, unhas características únicas en perigo. E dese xeito púidose poñer a navegar un barco coa pesada áncora da incultura, porque imposición é incultura.

¿Acaso xa non comprendemos o significado da palabra LOITA? Síntoo, confundinme, agora preferimos expresións como LUCHA ou incluso FIGHT; pero, ¿LOITA?, ¿DIGNIFICACIÓN?, ¿ENXEBRISMO?. ¿Que é iso? ¡Bah!, paparruchadas.

Quizais sexa a falta dun grave conflito bélico o que nos pecha os ollos ante a degradación ética de todos os pobos con cultura propia. Se o que precisamos é unha opresión contra a que poder loitar, unha ditadura da que nos poder defender, unha censura que poder transgredir; entón, mellor deixarnos ir polo camiño do esquecemento, que é o que as novas xeracións parecemos escoller para as chamadas culturas "minoritarias".

Estámonos a render, estámonos dando á degradación, cedendo ante as imposicións preguiceiras da unificación cultural.

A castelanización das novas xeracións semella un acto de acomodamento. Cando cremos ter gañado o ceo deixámonos de preocupar. Parece que só cremos en Galiza como un acto de rebeldía, que só facemos valer cando vemos a morte de preto, cando sentimos o perigo nas propias carnes.

Con estas actitudes sumisas de rendición, de resignación, non só privamos os nosos fillos de coñecer o tesouro que nós non soubemos valorar, senón que cometemos un delito egoísta como é votar pola borda o traballo de moitos rudos mariñeiros que loitaron contra tempestades de aculturación, tempestades de políticas represivas e gobernos ditatoriais.

Todo o que renega da súa lingua, da súa cultura, do seu pobo, dos seus ancestros, por outros supostamente máis "modernos" e "unificadores" estanse a converter en perfectos sucesores do espírito franquista, están a desoterrar

antigos obxectivos dun Hitler ou dun Mussolini agora no cadaleito; están a asumir o seu propio sometemento a esas culturas que si se fixeron valer.

DESPEDIDA DE 2º DE BACHARELATO 2002-2003

Dixéronme que vos contara nunhas palabriñas o estupendos que foron os anos no instituto, o ben que se portaron connosco os profesores e profesoras e o divertidas que eran as clases, pero preferín dicirvos a verdade e convocar Cortes Constituíntes compostas por Noela, Antía e máis eu (Sara), de 2º D, para redactar unhas advertencias que poñan sobre aviso ás novas xeracións:

Art. 1: Todos os poderes residen en maior ou menor grao na figura de Xulia. Calquera plan de fuga verase frustrado pola súa presenza.

Art. 2: Non pasedes por alto ao director e ao xefe de estudos. Poden parecer secundarios, pero coñécente case como os teus pais.

Art. 3: Presidindo a cafetería, Ánxeles concentra todos os poderes de abastecemento, destacando pola súa insuperable eficiencia na administración das "manzanillas" para as dores de barriga, reais ou non.

Art. 4: O Ministerio de Defensa quedará nas garras do feroz Ulises. Nunca vos deixedes enganar pola súa aparencia, porque a dona sempre estará preto para respaldalo.

Art. 5: Ninguén quedará exento das clases de baile de Conchi, todo intento de finxir unha lesión fracasará.

Art. 6: As clases de Ánxela Vico incluírán debuxos explicativos con efectos de son. *Chufi chufi* ou no seu defecto *chuf chuf* serán os máis representativos.

Art. 7: As muletillas serán un recurso constante. O "me cagho en Pilatos" de Ánxela Vico, o "cero patatero" de Espinosa, e lembrade ese "facer un comentario de texto non consiste en enumerar os recursos literarios. ¿Estamos?".

Art. 8: Ningún alumno recibirá indemnización no caso de que os azulexos lle caian na cabeza. As persianas están de adorno, non tratades de subilas nin de baixalas.

Art. 9: Seguíde as indicacións de Basilio e reparade nas características arquitectónicas dos edificios da nosa cidade. Tal exercicio resultará útil para comprender as súas explicacións.

Art. 10: Por último, recordarvos que non debedes chegar tarde ás clases de galego se non queredes recibir un "porrazo" na cabeza co canto dun libro nada máis chegar. Non deixedes de acudir ás conferencias filosóficas recomendadas por Muleiro, porque poden resultar interesantes, e non deixedes a libreta de Chis para o último momento porque pode ser perxudicial para as articulacións das vosas mans.

En fin, coma nós fixemos, iredes descubrindo estes orixinais casos e moitos máis que farán que lembredes o instituto con nostalgia e bo humor.

Todos estamos desexando marchar, pero no fondo debemos admitir que o botaremos de menos. Isto supón a fin dunha etapa e o comezo doutra nova que nos desconcerta. Parece ser que xa estamos listos para afrontar a vida con madurez e individualidade, pero estaríamos dispostos a encadearnos ás portas do instituto con tal de non comezar a tomarnos a vida con seriedade.

Este tempo ocupará unha parte importante no voso recordo, tanto polas experiencias vividas como polos lazos creados.

Só nos queda desexarvos moita sorte a todos e todas, sexa cal sexa o camiño que estades a punto de emprender.

HOMENAXE A ALEXANDRE BÓVEDA



O mércores 21 de maio tivo lugar unha Ofrenda Floral en homenaxe a Alexandre Bóveda no cemiterio de San Mauro de Pontevedra .Este acto foi organizado polo Instituto Alexandre Bóveda de Vigo e asistiron como representantes do mesmo profesores/as e alumnado . A Fundación Alexandre Bóveda estivo representada polo seu presidente Sr. Quintana Nóvoa , vicepresidente Sr. López de Guereño e un don Jaime Marí. Asistiu asimesmo en representación a familia a súa filla Dna Amalia Bóveda Álvarez.

Adxunto enviamos o discurso-homenaxe escrito e lido pola profesora do centro Dna. Carmen Panero e documento gráfico do acto.

DISCURSO DE HOMENAXE DO INSTITUTO *ALEXANDRE BÓVEDA* DE VIGO A ALEXANDRE BÓVEDA NO SEU CENTENARIO

Por Carmen Panero

Dona Amalia Bóveda . Señores, membros da FUNDACIÓN ALEXANDRE BÓVEDA.

Señor Presidente:

Se o nome que adopta un instituto auspia a súa misión pedagóxica, o de Alexandre Bóveda compromete a nosa, como educadores e como educandos, a ser depositarios dignos do seu legado, que evoca na máis alta expresión ós bos e xenerosos.

Celebramos o seu centenario, pero pervive o home xove que foi ata o intre derradeiro: a súa intelixencia, probada no seu precoz exercicio de alto funcionario en Pontevedra; a súa fidelidade á causa de Galiza, que lle supuxo o desterro e que aínda había de pagar traxicamente despois...; a súa fraterna colaboración con Castelao na fundación do Partido Galeguista e na redacción do

Estatuto; a súa integridade moral e o seu valor para presentarse no Goberno Civil a defender a lexitimidade da República en medio da gravísima tensión das primeiras noticias da conspiración militar e do levantamento rebelde no 36; en fin, a súa serenidade diante da inminencia do seu fusilamento aquel 17 de agosto. Celebramos o centenario dun home xove e, ó trazar as pinceladas da súa corta e intensa vida, enumeramos as virtudes dos heroes. Desas virtudes do heroe, non é a última a tenrura garimosa, infinitamente humana, con que lle escribe á súa muller para despedirse.

Castelao debuxaría logo os desastres daquela guerra, que aquí foi represión brutal, entre eles o seu cartafol Galicia Mártir, dun martirio que Bóveda encabeza. Pero, nese cartafol, hai unha estampa tremenda que representa aqueles enterramentos necesariamente colectivos e, ó pé da estampa, o comentario : "*Non enterran cadavres, enterran semente*". Pois ben: coincide o centenario de Bóveda coas graves circunstancias que provocou, primeiro, o afundimento do *Prestige* nas costas de Galicia, e, despois, nas costas virtuais de todo o mundo, a invasión de Irak. A reacción solidaria e a conciencia responsable, que se manifestou tan masivamente en todo o pobo, son sen dúbida froito daquela semente. E o noso instituto estivo e está á altura das circunstancias, de maneira que, tomando o significado orixinario do mártir como testemuña (porque pasaban a selo da verdade da súa fe os que padecían martirio), a trágica testemuña do noso patrocinador non foi en van.

Pero tamén coincidiu este centenario co recoñecemento do poeta Avilés de Taramancos no Día das Letras Galegas, que consagra ós escritores patrios. A ardua tarefa cultural de Alexandre Bóveda e de Castelao vese, redimida en actos como este.

E, precisamente, no cincuentenario da traxedia, fora o poeta Avilés de Taramancos quen pronunciou o discurso "in memoriam" dirixido a Dona Amalia Álvarez Gallego asegurándolle que "*Todos os que amamos Galiza levaremos sempre no noso labre, como un caravel inmorredoiro, o nome de Alexandre Bóveda (...)os nosos corazóns latexando na mesma emoción e no mesmo sentimento no que o seu grande corazón de nai da patria -por ende- estaría a lembrar*". E, desta emoción, deixou constancia nun poema. Velaí.

Esta orfandade! Esta bandeira asolagada en sangue!

Esa rosa coallada que se abre

en infinitas rosas ventureiras,

e a voz aínda ergueita nos cantiles da pátria,

esa gorxa ceifada no comezo do cántico:

Aquí andamos, señora, desde o mencer aciago

recoberto do chumbo mais áspero e terrível,

a ferida de luz que nos redime

de tánta escura pouta e tánto aldraxe.

Está a man de Alexandre cultivando-nos,

está facendo desta terra erma

un anovado campo de mapoulas,

é tánta a flor de sangue nas cunetas,

é tánta esa vendima de luceiros!

Eu sei que unha nai orfa está a carpir no monte

que se aniña nos ollos máis abertos

do fillo que lle dorme nas entrañas,

que un hálito de pombas tremelece

desde o fondo da tebra onde descansa

e xorde nídido o hino e a crisálida,

xorde esa voz de alerta que nos une

e o aceiro que ruxe vermello de esperanza

Esa voz, ¿ escoitades a chuvia nos pomares?

¿ escoitades nas vetas do mineral o brado

daquel que se ensumira vivo nunha luzada

de seixos soterráneos, a cantar coma un lóstrego

que de súpeto abrasa

o cerne e a corola, ¿ escoitades a branca

volvoreta do tempo? Nada

que non leve o seu nome, nada

que non leve o fermento da sua valentia

ha de ser permanente. Galiza sedimenta

sobre ese corpo espido,

sobre esa malferida arxila afervoadada

toda a sua colleita de menceiros sen chumbo.

O pobo, esa memoria que alguén nos arrebatada,

está bebendo a grolos no monte da Caeira

o lume da lembranza.

A pátria, esa palabra última que cantou o seu labre,

está collendo a fonda dimensión da palabra.

Soutomaior, Agosto, 1986



Rosa

Por Carmen Panero

para o *Besbello Saltón*

Finou Rosa o 25 de marzo pasado, ben o sabedes: Rosa Villamarín.

Escribir unha semblanza de Rosa Villamarín para o Besbello é un privilexio, pois escribir desafoga a tristura. Pero sei doutras persoas que podían escribir esta semblanza e sei que o sentimento da súa ausencia é xeral e común a todos o membros do Instituto. E estou convencida de que vós, os alumnos e as alumnas, tamén a botáchedes en falta, aí, no seu garito da biblioteca, onde a coñecéchedes e a coñeceron as últimas xeracións, o seu aire xuvenil e enérxico co que, amorosamente, coidaba dos libros e co que, ás veces, tiña que dar unha voz para poñer orde.

Pero debedes saber que, desde a fundación do Instituto, antes de ocuparse da biblioteca, ela foi a profesora de Educación Física Rosa Villamarín. Así que outras moitas xeracións de estudantes chorarán a súa morte.

Con todo, penso que da enfermidade e da propia morte —que é ineluctable— tamén se pode, como de calquera experiencia humana por dolorosa que sexa, tomar unha lección. E non moita xente daría esa lección dun xeito tan encomiable como o fixo ela: desde tempo atrás, Rosa era sabedora de que estaba ferida de morte. Sen embargo foi un modelo de muller enteira, de serenidade e de valor: ¿quen non recorda a elegancia con que sobrelevou os

efectos do tratamento agresivo ó que debía someterse? ¿quen non recorda o seu garbo de Sinéad O'Connor, a súa fermosa cabeza espida e o mellor dos seus sorrisos?

Na biblioteca tardará moito tempo en borrarse, se se borra, a súa pegada vivaz pois os ficheiros, que estiveron da súa man, aí os están, porque acudiu ó traballo ate o último momento: velaí outra proba da súa firmeza.

Para quen a coñecía de preto, non era unha sorpresa ese valor, coñecendo a caste da súa nobleza: unha nobleza non de herdanzas nin de blasóns, senon a dunha casa preservadora dos saberes e da poesía, da que ela era "alma mater". ¡Alta casa...!

A súa filla Helena, que é poeta desde os seus tempos de estudante, cantou esa alta casa dicindo que velaban por ela trasgos "de ollos de uva e corpo danzón": referiríase a situación da mesma xunto as vides do Ribeiro aló en Barbantes (onde nacera Rosa), pero creo que os inspiraban "manes" e "lares" da máis galega longa estirpe.

Así pois, na fonda tristura do adeus definitivo, acollerémonos ó conforto dos poetas, e que a admirable memoria dela nos console.

Moitas Gracias



1º PREMIO POESÍA LETRAS GALEGAS 2003

Esquecendo

*Nun lugar calquera
pero sempre xunto a ela
esquecendo a dor
que nos causan as guerras,
ollamos as estrelas*

*As guerras nas que nacimos
remataron ó rocío
moitas vidas levaron consigo
e outras tantas
quedaron sen fillos*

*Ollando as estrelas
xunto a ela
nun lugar calquera
esquécese a dor
que causaron estas guerras*

Soños

*Soño de noite,
pero tamén día,
soño esperto,
e tamén durmido,
véxote de lonxe,
véxote cada día,
cada día que pasa,
cada lúa da vida.*

*Vivo nun soñar
que non vai rematar
o porqué do meu pesar
está moi dentro do teu brillar,
brilla sol valente
que un día chegarei
E che alcanzarei
e así deixarei de soñar
para vivir co teu amor recente.*

Realidade

*Tarde foi cando o goberno avisou,
a negrura chegou
e non dubidou.*

*Precisamos de voluntarios,
que non nos faltaron,
limparon o mar
do negro colorear.*

*Prohibiron a pesca
e o traballo con ela,
os peixes e os mariscos
non viviron todo isto,
morreron antes do previsto,
gaivotas e golfiños
as consecuencias sufriron
ata o mar degradou
sen compasión,
as xentes protestaban
pero non lles deixaban*

ata que un día a guerra estalou

e todo se olvidou

Comezou a guerra

e a masacre con ela,

de seguido comezamos

a enfermar

¿e unha nova traxedia

aquí comezará?...

Zaira Barcia Boullosa

A min gústame

A min gústanme os teus ollos, o teu nariz,
a túa boca. A min gústame a túa cara.

A min gústame cando sorrís, cando te alegras,
cando ris. A min gústanme os teus sentimentos.

A min gústame como falas, como gritas,
como cantas. A min gústame a túa voz.

A min gústame como pensas, como opinas.
A min gústame a túa forma de pensar.

A min gústame o que es, o que sentes e o que pensas.

Soledad Cameselle García. 1º B ESO

EU DESEXO...

Que haxa paz no mundo

Que non se pase fame.

Que coiden a natureza.

Que non maltraten as mulleres.

Que non fagan atentados.

Que non provoquen incendios.

E sobre todo que vivan

con respecto

David, 1º B ESO

El chora...

Cando se fai dano,
cando gana algo importante,
cando sente tristeza.

El ri...

Cando se divirte,
cando contan chistes,
cando hai que rir.

El dorme...

Cando está canso de facerse dano
e de divertirse.

Cando está canso de escoitar chistes
e ganar cousas importantes.

Cando está canso porque sentiu tristeza
e porque riu cando había que rir.

Rubén Martínez, 1º B ESO.

PORTADAS QUE SE PRESENTARON AO CONCURSO DO BESBELLO



O CARRETE MALDITO

Cando un se ergue pola mañá nunca pensa que lle deparará o futuro .Pero en 24 horas pódete cambiar a vida.

O día comezaba para Xoán , unha mañanciña de verán. Era un mozo porgués que viñera a estudar a Vigo fotografía coa intención de saír da súa pequena vila onde vivira toda a vida encerrado nunha gaiola que a chamaban con bonitas palabras , "colexio interno".Era un rapaz ledo ,pero un pouco preguiceiro. Gustáballe moito coleccionar bolboretas, pero a súa grande afección era a imaxe.

O sol asomaba os seus primeiros raios de luz polo horizonte e o noso protagonista xa estaba alí ,admirando o amencer que tanto lle gustaba e como non , facendo fotografías a paisaxe tan abraiante que estaba a observar.

A praia comezabase a encher de xente .Pouco a pouco , a manta branca que o separaba a el do océano cubriuse de diferentes formas e cores.

O rapaz comezou a fotografar canto lle rodeaba ata que o carrete se rematou . Xusto cando se atopaba no mellor momento vai e acábase .

Procurou outro no interior do seu maletín pero non atopo ningún. Entón foi cando lembrou que os gastara todos na festa do Pepe. Tampouco o podía mercar xa que de cartos non andaba moi ben que se diga...,así que decidiu voltar para a casa.

Ía en dirección a ela cando de súpeto pareceulle ver o lonxe un carrete de fotos. Achegouse e comprobou que si era. Probablemente extraviado por algún extranxeiro -pensou- ¡ Quen llo ía dicir!.

Agora xa podía facer todas as fotos que quixera.E así o fixo.Cada persoa que pasaba era un bo modelo para a súa reportaxe.

Un neno lambendo un gran xelado de fresa, outro chorando porque esvarara nunha pequena poza de auga preto da fonte, un home arraxando o parasol que lle romperá co vento...

Moi satisfeito voltou para a súa casa , revelounas e foilles botando unha ollada unha por unha ata que chegou ás do carrete que atopara.. As

primeiras saíron ben pero pouco a pouco ían escurecéndose.¡Tanto! ,que as tres últimas eran totalmente negras.

Xoán estrañouse porque o carrete estaba en bo estado e cando volveu miralas atopou algo increíble na inmensa escuridade.

Moi borroso pero sin dificultade,observábase un pequeno cadaleito e no seu interior o neno do xelado ,o que choraba e o home do parasol.

Xoán extremeceuse .Non entendía nada.O carrete que atopara estaba maldito e as persoas que foron fotografiadas xacían mortas.

Pensou que o mellor sería esquecer o asunto e non darlle máis importancia, pero co paso dos días o sentimento de culpabilidade ía aflorando cada vez máis. Na prensa ían aparecendo as esquelas de toda a xente que el fotografiara aquela mañá e segundo morrían ,as fotos escurecían.

A causa das mortes era descoñecida ,o único que tiñan en común era que os ollos das victimas estaban totalmente calcinados, seguramente froito do flash-atreveuse a pensar-.

Dende aquel momento deixou a carreira que con tanta emoción comezara e dedicouse a outras cousas. Por suposto ninguna relacionada con todo isto.

Aínda que tardou moito en esquecerlo, hoxe non soporta facer fotografías e menos aínda que llas fagan a él porque... ¿ Quen sabe se o carrete que utilizas tamén está maldito?.

VIRGINIA SÁNCHEZ ARROYO

CARTAS

Querido Alexandre Bóveda:

O primeiro día que entrei polas túas portas estaba morta de medo, pero despois de case un curso deime de conta de que o instituto é un mundo totalmente diferente do colexio. É moito máis divertido e alegre, hai moita máis xente e máis profesores que, a pesar de que botan moitas broncas, axúdante en todo o que poden.

En ti fago moitos máis amigos e, a pesar de que hai moito que estudar, gústasme. Espero escribirche pronto e ata outra

Ilduara, 1º B ESO.

Ola mar:

Son Sandra, ¿que tal estás?

Todos os anos te vexo movéndote ao ritmo das risas dos que se bañan ñas túas frías e salgadas augas e, polas noites, escuro e solitario, iluminado pola luz da lúa, abanar aos peixes que dormen nos teus brazos. En canto chegue o verán, estaremos a tú a beira, non te sentirás so e desanimado porque volverán as risas e os xogos

...

Ata o verán, amigo

Sandra, 1º B ESO

O ENTROIDO SEGUE VIVO

No noso insti, o IES Alexandre Bóveda de Vigo, levamos moitos anos celebrando o entroido e este ano non podía ser menos. Tentamos sempre implicar a toda a comunidade escolar porque pensamos que un centro de educación debe ser algo máis que pupitres, encerados, libros e lapis.

Empezamos uns días antes do venres para ir creando ambiente. A partir do luns aparecen os carteis que convocan as distintas actividades. Nun deles vaise publicando cada día unha orde do Meco que debe ser seguida polo maior número de xente da comunidade escolar. As ordes deste ano foron as seguintes:

- Luns: traer unha prenda de roupa do revés
- Martes: vir co pelo pintado ou con algo na cabeza
- Mércores: traer bata de casa ou albornoz
- Xoves: vir cun peluche

Paralelamente a estas ordes do Meco o instituto vaise engalanando con múltiples cousas, carteis anunciadores, exposicións de traballos relativos ao entroido etc etc.

O máis salientable deste ano é a exposición de máscaras feitas por alumnos de todo o instituto, que se colgaron a principios da semana polos corredores e máis na entrada, dándolle moito colorido ao centro, algo que se bota de menos nos oscuros e grises días do inverno.

GANDARÍO

Os alumnos de 1º da ESO pasaron uns días en Gandarío acompañados por varios profesores.



MAGOSTO

Como todos os anos tamén celebramos o magosto a primeiros de novembro no monte O Vixiador.

Intercambio con Alemaña

Durante o mes de abril recibimos a visita dun grupo de estudantes de Alemaña. Estiveron case dúas semanas compartindo clases e vivencias cos alumnos que os acolleron nas súas casas. Asistiron a algunhas clases, fixeron excursións e aprenderon un pouco do noso instituto e da nosa cidade. En setembro irán alá os nosos alumnos. Esperamos que tamén eles vivan novas experiencias enriquecedoras.



Viaxe a Andorra

Como en moitos anos anteriores, tamén fomos á neve.



Lectura de "Cousas"

Para conmemorar o Día das Letras Galegas houbo unha lectura continuada de "Cousas" de Castelao.



PÁXINA DE PREMIOS

O grupo 3º ESO C do noso Centro quedou 2º clasificado no Rallye Matemático "Sen Fronteiras" 2004, celebrado o 30 de Marzo de 2004. O vindeiro 29 de Abril iremos a Santiago, á facultade de matemáticas, a recoller o noso premio. Noraboa polo resultado acadado, e a seguir traballando.



Aquí tedes o grupo de 2º da ESO que participou na Olimpíada Matemática.

Dous rapaces do grupo, Keltoi e Jorge, pasaron á fase final que se celebrará en Oleiros o día 21 de maio.

Ana Pérez Martín de 1º da ESO B levou o primeiro premio provincial de relato curto do concurso "Entre nós en galego".



Entrevista a Jorge Fernández

Temos o pracer de ter aquí a Jorge, un dos compoñentes do grupo *Anacos de buxo*, un grupo de mozos que buscan triunfar coa súa música. Para que todos os coñezamos un pouco máis imos facerlle esta entrevista.

P. ¿Cómo vos coñecestes?

R. Porque Xurxo(gaita), Pedro (gaita), Moucho (tamboril) e máis eu pertencemos á mesma banda de gaitas, e a Alex (bombo) coñézoo dende pequeno.

P. ¿Canto tempo levades tocando xuntos?

R. Hai ano e medio que nos xuntamos coa fin de participar nun concurso, no que fomos finalistas. Isto animounos a seguir tocando xuntos.

P. ¿Como xurdiu a idea de gravar un disco?

R. Sempre nos pedían gravacións, e un día na Radio Galega dixéronnos que estaban esperando o noso disco. Isto animounos.

P. ¿Qué tipo de música podemos atopar nese disco?

R. Música de raíz e de autor, cos nosos propios arranxos.

P. ¿Cando gravastes o disco?

R. Comezamos en decembro, pero ata marzo non saíu ao mercado.

P. ¿Que nos podes comentar do CD?

R. Ao principio era unha maqueta, pero gustounos tanto que decidimos publicala.

P. ¿Algunha anécdota que contar?

R. En Barcelona puxéronnos unha mesa para firmar discos. ¡Flipamos!

P. ¿Gravastes o disco en Barcelona?

R. Non, gravámolo en Vigo, nos estudios "Muu".

P. ¿Que tal as actuacións?

R. Ultimamente van xurdindo máis actuacións.

P. Como se chama o CD?

R. Chámase *Sempervivente*.



ALCUME = APELATIVO = SOBRENOME. ¡Gústannos!

Os alcumes serven para todo. ¿Non o credes? Pois poñereivos uns exemplos:

1. ¿Quen lembra o nome de Keltoi? Ninguén, pero ¿hai alguén que non lembre "Orelludo" ou "Puma *aboba*"?

A maioría son segundo sexa, tanto física coma psicológicamente, a persoa en cuestión. Pero hainos tan estúpidos como chamarlle "Gordo con bigote que se afeitou" a unha persoa fraca á que non lle saíu nin peluxe.

2. Outro exemplo para demostrar a súa importancia é o seguinte:

Na miña clase hai dous Álex. Se dis "Álex", ¿como sabe o interesado se te refires a el?

En cambio polos alcumes un é "Vigas" e o outro... Álex (como vedes aínda non llo puxemos!, ipero xa caerá!).

E que facemos cos dous "Iváns"... Pois un é Sío ou "Zapata" e o outro, Vasco ou "Sibu". ¡E así todos claros!

E se chamamos polos tres "Danieles"... Un é "Sapín unha cella" , outro "Peloaseo" e o terceiro... Daniel, pero itamén caerá!

Como vedes, quedou cientificamente razoado que os alcumes son imprescindibles para nos entender na vida.

BARBARIDADES BÁRBARAS

Medir o segundo verso escrito na pizarra.

No encerado uns 75 centímetros, no papel máis ou menos unha cuarta (dígoo aproximado porque non trouxen o metro).

Esqueleto da pantorrilla.

Está formado polo óso máis longo do corpo, que é o fémur, que vai desde o omoplato ata a rótula.

Exemplo de galinácea que non sexa a galiña.

O polo.

Réptiles.

Son animais que se disolven na auga.

Movimentos do corazón.

O corazón sempre está en movemento, só está parado nos cadáveres.

Anfibios.

A rá ten unha fendedura cloacal, pola que lanza o típico son "cloac, cloac".

Cómo se chaman os habitantes de Ceuta.

Centauros.

Fases da Lúa.

Lúa chea, lúa nova e menos cuarto.

A Fe.

É o que nos dá Deus para poder entender aos curas.

O home primitivo.

Vestía de peles e refuxíabase nas tabernas.

Os catro Evanxelistas.....

Os catro evanxelistas eran 3: San Pedro e San Pablo.

Movimentos do corazón.

De rotación arredor de sí mesmo e de traslación arredor do corpo.

Círculo.

É unha liña pegada polos dous extremos formando un redondel.

Averiguar si é primo o número 2639.

Para mín que este número é primo porque non hai ningún número que dividido por este número que é 2639 nos dea exacto. Se vostede ve que está mal, corríxao.

Países produtores de mel.

La Granja de San Francisco

Partes do insecto.

Son tres: in-sec-to

Capacidade pulmonar:

É duns cinco mil litros

Derivados do leite:

A vaca e o arroz con leite

Barroco:

Estilo de casas feitas de barro

Estimulantes do sistema nervioso:

O café, o tabaco e as mulleres

Comentar algo do 2 de maio:

¿De qué ano?

Coleccionistas de selos:

Sifilíticos

¿Coñeces algún vexetal sen flores?

Coñezo

Exemplo de réptil:

A serpe "Putón"